



RESOLUCIÓN DO 11 DE AGOSTO DE 2021 DE CENTROS BENEFICIARIOS DAS AXUDAS A CENTROS PÚBLICOS DE ENSINO NON UNIVERSITARIO PARA PARTICIPAR NO PROGRAMA GALIMIENS DE INTERCAMBIO EN LIÑA DE ALUMNADO CONVOCADAS POLA RESOLUCIÓN DO 23 DE XUÑO DE 2021 DA SECRETARÍA XERAL DE EDUCACIÓN E FORMACIÓN PROFESIONAL

A Resolución do 23 de xuño de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se regula a convocatoria e selección de centros públicos de ensino non universitario da Comunidade Autónoma de Galicia para participar no programa de intercambio en liña GALIMIENS con alumnado de centros educativos da Académie d'Amiens (Francia) durante o curso 2021/2022, publicada no portal educativo o 29 xuño de 2021, regula o réxime de axudas a centros públicos de ensino non universitario da Comunidade Autónoma de Galicia para participar no programa de intercambio en liña GALIMIENS.

De conformidade co previsto na cláusula décimo segunda da dita Resolución, non habendo reclamacións nin renuncias,

RESOLVO

Primeiro-. Publicar no portal educativo <http://www.edu.xunta.gal/portal> a proposta de resolución definitiva de centros beneficiarios das axudas, que figuran no Anexo I.

Segundo-. Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, as persoas afectadas poderán interpoñer recurso de alzada ante a persoa titular da Consellería de Cultura, Educación e Universidade no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no portal educativo, segundo o disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben directamente o recurso contencioso administrativo ante a Sala do Contencioso Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

José Luis Mira Lema

Secretario Xeral de Educación e Formación Profesional

